

Xestión de Persoal

EXPEDIENTE.- 2022/G003/001232

PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos

RESOLUCIÓN

Asunto: EMENDA Á CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DA BOLSA DE TRABALLO PARA COBERTURA TEMPORAL DE VACANTES DO POSTO DE OPERARIOS/AS DO SERVIZO DE EMERXENCIAS (AXENTES DE EMERXENCIAS) DO CONCELLO DE ARTEIXO

Na Casa do Concello de Arteixo, o Sr. Alcalde-Presidente, Carlos Calvelo Martínez, ante min, Secretario Xeral, José María Vázquez Pita, dita a presente **RESOLUCIÓN:**

En base ás competencias do art. 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Novo Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Empregado Público de Galicia e,

Detectado erro no contido da Resolución nº 869/2022 de data 16/03/2022, no referente á Base sexta relativa ao proceso de selección,

Considerando o artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que posibilita rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais dos seus actos. Por todo o exposto,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Emendar a Resolución nº 869/2022 de data 16/03/2022, no referente á 1º PROBA (CARREIRA) do 1º EXERCICIO da Fase de Oposición prevista na Base sexta (Proceso de selección), **debendo figurar:**

"1º PROBA: CARREIRA 1 quilómetro: en circuíto chan, establécense os seguintes tempos coa seguinte puntuación ate o máximo de 20 puntos:

Outorgaráselle unha puntuación de 10 puntos a todos/as aqueles/as que realicen un tempo de 5 minutos no caso dos aspirantes masculinos, e de 5 minutos 30 segundos, no caso de aspirantes femininas. Para os demais aspirantes, establecerase unha puntuación correlativa que ascenderá ou descenderá 0,40 puntos por cada 4 segundos."

no canto de:

"1º PROBA: CARREIRA 1 quilómetro: en circuíto chan, establécense os seguintes tempos coa seguinte puntuación ate o máximo de 20 puntos:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Outorgaráselle unha puntuación de 20 puntos a todos/as aqueles/as que realicen un tempo de 5 minutos no caso dos aspirantes masculinos, e de 5 minutos 30 segundos, no caso de aspirantes femininas. Para os demais establecerase unha puntuación correlativa que ascenderá ou descenderá 0,40 puntos por cada 4 segundos."

SEGUNDO.- Emendar a Resolución nº 869/2022 de data 16/03/2022, no referente ao punto 4, 5 e 6 dos MÉRITOS ACADÉMICOS previstos no apartado B da Fase de Concurso da Base sexta (Proceso de selección), **debendo figurar:**

"4. Estar en posesión da cualificación profesional de extinción de incendios e salvamento (SEA129_2, SEAD0111, SEA676_2, ou calquera análoga) que se acreditará coa presentación do certificado de profesionalidade ou co título de Técnico en Emerxencias e Protección Civil: 1 punto.

5. Estar en posesión da cualificación profesional de operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural (SEA 595_2, SEAD0411, ou calquera análoga) que se acreditará coa presentación do certificado de profesionalidade ou co título de Técnico de Emerxencias e Protección Civil: 0,75 puntos.

6. Estar en posesión da cualificación profesional de socorrismo en espazos acuáticos naturais (AFDP0209, AFD0340_2, ou calquera análoga) que se acreditará coa presentación do certificado de profesionalidade ou co título de Técnico Deportivo Superior en Salvamento e Socorrismo ou Técnico Deportivo en Mergullo Deportivo con escafandro autónomo: 0,50 puntos."

no canto de:

"4. Estar en posesión da cualificación profesional de extinción de incendios e salvamento (SEA 129_2) que se acreditará coa presentación do certificado de profesionalidade ou co título de Técnico en Emerxencias e Protección Civil: 1 punto.

5. Estar en posesión da cualificación profesional de operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural (SEA 595_2) que se acreditará coa presentación do certificado de profesionalidade ou co título de Técnico de Emerxencias e Protección Civil: 0,75 puntos.

6. Estar en posesión da cualificación profesional de socorrismo en espazos acuáticos naturais AFD0340_2, que se acreditará coa presentación do certificado de profesionalidade ou co título de Técnico Deportivo Superior en Salvamento e Socorrismo ou Técnico Deportivo en Mergullo Deportivo con escafandro autónomo: 0,50 puntos."

TERCEIRO.- Dar traslado da presente Resolución ao Dpto. de Persoal para que procedan segundo os trámites oportunos.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, D. José María Vázquez Pita, como Secretario Xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)